

DECRETO

Excma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o acordo 10/759 da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2021.

Cómpre sinalar que polo Servizo de Persoal se detecta erro na clasificación do grupo no que se encadra a praza segundo a Relación de Postos de Traballo vixente, sendo o grupo B e non o C1 como figura transcrito no acordo.

Visto o acordo 7/449 BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE DELINEANTE (SERVIZO DE ARQUITECTURA) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16 de outubro de 2024.

En base ás atribucións conferidas polo artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a 1 PRAZA DE DELINEANTE (SERVIZO DE ARQUITECTURA) PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021), que se rexerá polas "Bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado na sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 278, do 4 de decembro de 2023, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 7/449 adoptado pola Xunta de Goberno Local o 16 de outubro de 2024, que seguidamente se transcribe:

"PRIMEIRO.- Aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de Delineante pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo Concello de Lugo, en quenda libre (OPE 2021) do seguinte teor literal:

BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE DELINEANTE PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2021)

1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario de carreira, a unha praza de Delineante do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre, en todo o que non estea previsto nas "Bases

xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do excmo. concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna", aprobadas por acordo 10/857 da Xunta de Goberno adoptado en sesión ordinaria celebrada o 15 de novembro de 2023, sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 278, de data 4 de decembro de 2023.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

- a) Denominación da praza: Delineante
- b) Grupo de titulación: GRUPO B
- c) Outras características:
 - Escala: Administración Especial
 - Subescala: Técnica

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais referenciadas, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Título de Técnico Superior en Proxectos de Edificación ou en Proxectos de Obra Civil ou en Deseño en Fabricación Mecánica ou en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, ou equivalentes. Para os efectos desta convocatoria, o termo equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, substitúan ás titulacións extinguidas.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As solicitudes presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Lugo (www.lugo.gal/portal/). Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

De conformidade co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, o Concello de Lugo poderá establecer regulamentariamente que as persoas participantes nos procesos selectivos por el convocados deban relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos nos termos que establezan as correspondentes convocatorias.

As solicitudes de participación deberá xuntarse a seguinte documentación:

- a) DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

b) Xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 16,20€ de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo ós dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de "Taxas e Prezos Públicos" que se atopa a disposición dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web. Deberase indicar no impreso o nome e apelidos da persoa aspirante e a categoría á que opta.

De acordo ca ordenanza fiscal número 119 actualmente vixente estarán exentos do pago da taxa por dereitos de exames as persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%.

Así mesmo, estarán exentos as persoas que formen parte dunha familia numerosa de carácter especial, e gozarán dunha bonificación do 50% as de carácter xeral. Son familias numerosas de carácter especial segundo o disposto no artigo 4 da Lei 40/2003, de 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas as familias de cinco ou máis fillos e as de catro fillos dos cales polo menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples.

Gozarán dunha bonificación do 50% as persoas que acrediten atoparse en situación de desemprego durante o prazo, ao menos, dun mes anterior á data da convocatoria.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa dos dereitos de exame supoñerán a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma da solicitude.

c) Título universitario de Técnico Superior en Proxectos de Edificación ou en Proxectos de Obra Civil ou en Deseño en Fabricación Mecánica ou en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia, ou equivalentes.

O prazo de presentación de instancias será de **vinte días hábiles**, contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

6º.- LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleira/o Delegada/o, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Quen dentro do prazo sinalado non emenden os defectos xustificando o seu dereito de admisión, serán definitivamente excluídos/as do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de corrección, o órgano competente ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. Se non se presentasen correccións á listaxe provisional no prazo concedido, este quedará automaticamente elevado a definitivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non supón que se recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando do exame da documentación que se presente se desprenda que non se cumpren algún dos requisitos, decaerán todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no proceso.. É insubsanable a non presentación da documentación requirida en tempo e forma.

7º.- PROBAS SELECTIVAS.

As probas selectivas que deberán superar os aspirantes á praza á que se refiren as presentes bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistente en contestar un cuestionario de setenta (70) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, temario de materias común e temario de materias específicas, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta. O tempo máximo para a realización do exercicio será de 100 minutos. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos. Acadarase unha puntuación mínima de 5 puntos cando as respostas correctas se correspondan co 50% da totalidade das preguntas, para o cal se terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta. A resposta en branco terá puntuación cero.

SEGUNDO EXERCICIO, teórico: consistente no desenvolvemento por escrito, durante un tempo máximo de 1 hora, de 1 tema de entre 2 extraídos ó chou entre os comprendidos no temario de materias específicas. O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

TERCEIRO EXERCICIO, práctico: consistente na resolución dun ou varios supostos prácticos durante un tempo máximo de 2 horas. Dito suposto ou supostos prácticos serán formulados polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio correspondente e estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias da natureza das prazas. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá ou poderá ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Na realización deste exercicio e na súa valoración estarase ó disposto na base décimo cuarta letra C, das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023).

A cualificación final de cada aspirante na fase de oposición será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1. Principios xerais de representación. Escalas de debuxo, concepto e aplicacións. Xeneralidades sobre normalización: DIN, ISO, UNE. Tipos de papel e formatos. Rotulación.

Tema 2. Sistemas de representación: planos acoutados. Conceptos fundamentais. Debuxo topográfico: curvas de nivel.

Tema 3. Proxeccións cartográficas. Clases. Proxección UTM.

Tema 4. Sistema diédrico. Xeneralidades. Punto, recta e plano. Interseccións.

Tema 5. Proxección axonométrica. Xeneralidades.

Tema 6. Perspectiva caballera. Xeneralidades. Perspectiva cónica. Xeneralidades e fundamento da perspectiva cónica. Elección do punto de vista e a liña do horizonte.

Tema 7. Perfil lonxitudinal. Perfís transversais. Elementos e métodos. Aplicacións á obra civil. Cálculo de volumes.

Tema 8. Conceptos básicos de informática. Operacións básicas con ficheiros; copiado, copias de seguridade, compresión, etc. Intercambio de información e grabación de ficheiros en distintos soportes. Tipos de ficheiros, ráster, vector e datos. Intercambio de ficheiros entre os distintos programas de CAD

Tema 9. Aplicacións informáticas CAD e GIS: AutoCAD, Microstation, ArcGis.

Tema 10. CAD. Espazo de traballo. Conceptos básicos. Personalización. Cuadrículas, guías e medición. CAD. Ferramentas. Creación, modificación e transformación de obxectos.

Tema 11. CAD. Referencias externas. Vincular referencia. Traballar con referencias. CAD Arquivos en formato ráster. Administrar arquivos en formato ráster.

Tema 12. CAD. Células ou bloques. Creación, visualización e edición. As bibliotecas de células ou bloques. CAD. Espazo de deseño. Creación de follas e modelos. Os ficheiros tipo ou semente.

Tema 13. CAD. Unidades de traballo. Impresión de planos. Saída pola impresora. CAD. Anotacións. Introducir texto. Editar textos. Cambiar atributos de texto. CAD. Traballo con elementos existentes en CAD. Uso de cercados ou selección de elementos. Cambiar elementos. Agrupar e desagrupar elementos.

Tema 14. Sistemas de información xeográfica. Concepto, funcións e aplicacións. Modelo de datos. Vantaxes e inconvenientes vectorial-ráster. Bases de datos: Modelo entidade-relación.

Tema 15. A imaxe dixital. Definición. Principales características. Fotointerpretación e emprego de ortofotomapas. A ortofotografía. Xeorrefenciación e dixitalización

Tema 16. O sistema Xis: Representación cartográfica. Traballo con capas. Símbolos e estilos. Deseños de páxina. Exportación e impresión de mapas. Publicar servizos de mapa.

Tema 17. O sistema Xis: Crear, gardar, exportar, cargar e executar informes. Edición. Crear e editar novas entidades.

Tema 18. O sistema Xis. Xeoprocesamento. Ferramentas de uso común. Etiquetaxe de entidades. Motor de etiquetaxe Maplex.

Tema 19. O sistema Xis: Tipos de datos nunha Xeodatabase. Shapefiles, rásteres e imaxes. Táboas de atributos. Deseñar, crear, editar, mostrar táboas. Calcular valores de campo. Unir e relacionar táboas.

Tema 20. Decreto 14/2017, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia.

Tema 21. Organización dunha obra de reurbanización nunha rúa: replanteos e traballos previos, programa de traballos, execución da obra, remates de obra. Recepción da obra e garantía.

Tema 22. Conceptos básicos da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia: disposicións xerais; planificación, estudos e proxectos; delimitacións de zonas.

Tema 23. Características xeométricas das estradas. Trazado. Sección transversal.

Tema 24. Elementos do trazado viario. Nó. Interseccións e enlaces. Movements nun nó. Tipos de nó.

Tema 25. Elementos de estradas: sinalización, elementos de balizamento e redutores de velocidade.

Tema 26. Firmes: definición. Características funcionais e estruturais. Tipos: Flexibles e ríxidos. Materiais.

Tema 27. Firmes en vías urbanas: Características. Dimensionamento e parámetros básicos. Materiais de pavimentación.

Tema 28. Redes de abastecemento: Elementos do sistema. Redes de distribución e compoñentes da rede. Materiais. Diámetros.

Tema 29. Redes de saneamento: compoñentes. Sistemas de evacuación unitarios e separativos. Vantaxes e inconvenientes. Deseño e trazado. Limitacións por afeccións a outras infraestruturas.

Tema 30. Redes de saneamento: Instalacións complementarias da rede de saneamento: acometidas, baixantes, arquetas de inspección e pozos de rexistro, sumidoiros, válvulas, ventosas, desaugadoiros e comportas, cámaras de descarga. Sifóns, aliviadoiros, depósitos de retención e estacións de bombeo.

Tema 31. Distribución de servizos nunha rúa de Lugo. Dependencia da largura e carácter desta. Distancia entre os diferentes servizos. Compatibilidade coa beirarrúa, calzada e mobiliario urbano.

Tema 32. A redacción do proxecto: documentos do proxecto. Memoria, planos e prego de prescricións

Tema 33. Orzamento. Documentos dun orzamento: medicións, cadros de prezos e orzamento. Conceptos básicos dun orzamento.

Tema 34. Seguridade e saúde nas obras de construción: estudo de seguridade e saúde e estudo básico de seguridade e saúde: obrigatoriedade e contido. Plan de seguridade e saúde. Libro de incidencias. Funcións das e dos coordinadores de seguridade e saúde.

Tema 35. Conceptos básicos do código técnico da edificación (CTE) aprobado polo Real decreto 314/2006, de 17 de marzo: ámbito de aplicación. Exisencias básicas.

Tema 36. Normativa de habitabilidade en Galicia.

Tema 37. Accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Lexislación aplicable. Características de accesibilidade en espazos públicos, elementos de urbanización e mobiliario urbano.

Tema 38. A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia: conceptos xerais de clases de solos. Planeamento urbanístico; planeamento xeral e desenvolvemento de infraestruturas viarias.

Tema 39. Normas técnicas de planeamento urbanístico.

Tema 40. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: o principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De acordo co establecido na base décimo terceira das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios/as e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre así como as prazas reservadas a promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno o 15 de novembro de 2023 (BOP nº 278, de data 4 de decembro de 2023) o Tribunal Cualificador do proceso selectivo estará composto por cinco titulares e igual número de suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

Presidente: un/unha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o por resolución da Alcaldía entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) incluído o persoal docente.

Vogais:

Tres técnicas/os ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeadas/os por resolución da Alcaldía, ben entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal) ou ben entre profesionais ou persoal docente.

Secretaria/o: Secretario/a da Corporación ou persoa funcionaria en quen delegue.

A súa vez será aplicable a Instrucción para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo que se aprobe por acordo da Xunta de Goberno Local.

10º.- LISTA DE RESERVAS

Unha vez finalizado o proceso selectivo para a cobertura definitiva de prazas como funcionario/a de carreira ou persoal laboral en quenda libre, confeccionarase unha lista pola orde de puntuación acadada por cada aspirante que non superou este, tendo en conta que para estar incluída/o nesta lista hai que, polo menos, aprobar o primeiro exercicio do proceso selectivo. A partir de todas as persoas que superaron este, sumaranse as puntuacións obtidas en cada exercicio, e así confeccionarase a lista para a cobertura de interinidades.

Esta lista de reservas caducará naquel momento no que como resultado dun proceso selectivo posterior para a mesma categoría sexa xerada unha lista mais actualizada.

11º.- RECURSOS

Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

SEGUNDO.- Publicar, xunto coa súa convocatoria, estas bases no Boletín Oficial da Provincia, Portal de Transparencia e un extracto no DOG e BOE."

SEGUNDO.- Contra este acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación.

Non obstante, poderá interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe pola Excma. Sra. Dona MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.